

PROCEDIMENTO PARA A RENOVACIÓN DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO E PARA A PROPOSTA DA PERSOA COORDINADORA

O artigo 5 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo, tras a súa modificación aprobada polo Consello de Goberno de data 07/02/2017 establece respecto das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD):

A CAPD estará integrada por un mínimo de sete membros entre os cales deberán figurar o presidente/a e o secretario/a, e será nomeada polo reitor ou reitora. O secretario ou secretaria dará fe dos acordos adoptados pola comisión e redactará a acta das sesións da CAPD. Os seus membros serán renovados, con carácter xeral, cada catro anos, segundo o procedemento acordado polo Comité de Dirección da Escola de doutoramento.

Cómpre establecer un procedemento que regule a dita renovación garantindo ao mesmo tempo a correcta representatividade na composición das CAPD. Toda vez que a persoa coordinadora debe presidir a citada Comisión, cómpre tamén establecer o procedemento polo que a Comisión Académica poida propor ao reitor ou á reitora as súas preferencias respecto da persoa coordinadora.

O presente procedemento aprobouse no Comité de Dirección do 18 de xullo de 2017.

O procedemento é o seguinte:

1. Este procedemento afecta a todos os membros das CAPD de programas de responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo, e a todos os membros representantes desta no caso de programas interuniversitarios, respectándose o número de membros da UVigo previsto no convenio de constitución do programa interuniversitario.
2. Cada 4 anos deberá renovarse polo menos 1/3 dos membros da CAPD pertencentes á UVigo. Transcorridos 4 anos sen que se cumpra esta premisa, deberá reunirse a CAPD en sesión extraordinaria cun punto único na orde do día referente á renovación da CAPD. No caso de que se considere preferible manter a composición, a CAPD deberá facer constar na acta desa sesión extraordinaria as razóns que motivan a continuidade.
3. A renovación ou modificación da CAPD (ou dos representantes da UVIGO no caso de programas interuniversitarios) pode producirse por iniciativa :
 - a. Da CAPD, por acordo expreso dos seus membros. No caso de programas interuniversitarios que teñan constituída unha Comisión Académica Local, esta poderá acordar a renovación dos membros da UVigo.
 - b. De polo menos 1/3 do profesorado que forme parte do cadro docente do programa e teña vinculación permanente coa Universidade de Vigo. Neste caso é necesario que transcorresen polo menos 2 anos dende a anterior petición de renovación por este mesmo procedemento. Requirirase a presentación dun escrito

coas firmas dos/as proponentes dirixido á persoa coordinadora e remitir copia do mesmo á dirección da EIDO. De cumprirse todos os requisitos, a persoa coordinadora (ou quen exerza a coordinación local) deberá iniciar o proceso de elección nun prazo de 15 días naturais.

Regulación da elección polo profesorado que forme parte do cadro docente do programa e teña vinculación permanente coa Universidade de Vigo.

4. Para iniciar o procedemento, a persoa responsable da coordinación (ou coordinación local) do programa de doutoramento solicitaralle á EIDO a listaxe do cadro docente do programa que teña vinculación permanente coa universidade. Recibida a listaxe, convocará a todos eles a unha sesión de elección nun prazo de 15 días naturais.
5. Na propia sesión, poderán postularse para ser membros da CAPD todas aquelas persoas que cumpran o requisito establecido (posesión dun período de actividade investigadora).
6. Expresadas as candidaturas, deberá verificarse que polo menos unha das persoas candidatas cumpre os requisitos para exercer a coordinación (dedicación a tempo completo, dúas teses dirixidas e dous períodos de investigación). Noutro caso será o reitor ou reitora quen designe a persoa que vai exercer a coordinación, polo que deberá deixarse un posto vacante.
7. No caso de votación aplicarase o previsto nos apartados 12b e 12c do Regulamento de Réxime Interno da EIDO.
8. Rematada a sesión, levantarase acta e darase traslado desta á EIDO.

Proposta de Coordinación e Secretaría do programa de doutoramento

9. Corresponde á CAPD a iniciativa para propor ao reitor ou reitora a designación da persoa coordinadora do programa de doutoramento, que deberá ser membro da propia CAPD e cumprir os requisitos establecidos. De non producirse ningunha proposta, a designación será directa polo reitor ou reitora.
10. A proposta da Secretaría Académica da CAPD correspóndelle á persoa coordinadora do programa.

Disposicións transitorias

11. Despois de aprobar este procedemento, nun prazo de tres meses todas as Comisións Académicas (ou Comisións Académicas Locais) deberán revisar a súa composición de acordo co apartado 3 para a súa renovación ou ratificación da composición actual.
12. Para programas Interuniversitarios que non teñan Comisión Académica Local, deberá constar que se propoña esta revisión na seguinte sesión da Comisión Académica, unha vez transcorridos os tres meses.